

AXUDAS PROGRAMA BONOS ACTIVA COMERCIO. VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Orde do 8 de abril de 2021 (DOG 14 de abril) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á súa convocatoria e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios.

Persoas beneficiarias das axudas

As persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto

O obxecto é a concesión de axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Bases reguladoras

As bases reguladoras publícanse conxuntamente na convocatoria do programa bonos Activa comercio.

Actividade subvencionable

Son subvencionable a compra de bens, a través dos bonos Activa comercio, nos establecementos comerciais retalistas de Galicia adheridos ao programa. As vendas subvencionadas serán as realizadas no prazo de tres meses contados desde a data fixada no artigo 17 para o lanzamento dos bonos. Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de 30 euros para as compras nos comercios adheridos.

Importe:

O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, en función do valor da compra de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído

Prazo dos comerciantes para adherirse ao programa

O prazo para adherirse ao programa por parte dos comercios será dun mes contado desde o día 15/04/2021

Presentación da solicitude dos bonos por parte dos usuarios

Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario deberá darse de alta na web <https://www.bonosactivacomercio.gal> e indicar a seguinte información:

Nome e apelidos.

Localidade de residencia en Galicia (código postal).

Maioría de idade.

DNI ou NIE.

Número de teléfono móbil.

Correo electrónico.

Data de activación dos bonos

Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga polos usuarios a partir do 3 de maio e terán una validez de tres meses.

Máis información:

[Orde DOG Mércores, 14 de abril de 2021 \(xunta.gal\)](#)